

Texto publicado no suplemento *Nordésia* do *Diario de Ferrol*, o día 18 de xullo de 2010.-

Ler, escribir, editar, promocionar

Quixera achegar algunhas reflexións acerca do proceso da creación literaria e a súa posterior edición, isto é, acerca do camiño que segue unha obra dende que é soamente idea até que se converte en produto de consumo (literario pero consumo a fin de contas) nas mans dun lector.

Se partimos do feito de que calquera autor ha de ser en primeiro lugar un bo lector, podemos concluír que a literatura é un círculo que sempre se pecha sobre si mesmo: un autor é consumidor de literatura antes do proceso creativo que o leva a escribir unha obra que vai consumir un lector.

Por que lemos? Lemos para comezarmos unha viaxe que non sabemos onde vai rematar, para deixarnos acariñar polas palabras que alguén escribiu en soidade. Lemos para permitirmos que ocupe a nosa mente unha historia inventada por outro nese silencio que precisan as cousas boas para madurar. Lemos para vermos a vida polos ollos doutros, para escoitarmos a través duns ouvidos que non nos pertencen. Lemos porque estamos ávidos de sorpresa, ansiosos de aventura, sedentos de coñecementos ou famentos de explicacións. Lemos, en fin, porque os libros conteñen claves que nos permiten descifrar o mundo que nos rodea.

Dentro dun autor adoita nacer un manancial interior que o obriga a abrir unha billa que permitirá que a auga poida alcanzar o exterior. Quen sabe o que podería acontecer dentro dun escritor se non abrise de vez en cando esa billa para deixala manar o que ás veces son verdadeiras enxurradas de ideas. Iso, e non outra cousa, é o proceso polo que nace unha obra literaria.

A fase seguinte a este proceso que estou a describir consiste na edición, que permitirá a chegada da obra ao lector. No caso de Galicia cómpre dicir que os editores xogaron un papel máis que importante e sobranceiro na historia da nosa literatura, sobre todo en tempos moi difíciles nos que publicar en galego era máis ca un acto de fe (ou militancia, para quen prefira a palabra). Pero aínda quedan moitos pasos por dar nese camiño que vai dende o autor ao lector, porque en Galicia hai unha eiva de considerábel tamaño en todo canto atangue á promoción das obras literarias tanto dentro do país coma no exterior. Se a industria conserveira, permítaseme o símil, non actualiza os seus sistemas de mercado e publicidade está condenada a desaparecer por moita calidade que teñan os produtos que comercializa.

O futuro da literatura de nós pasa pola tradución a outras linguas e por facernos un lugar no exterior, aínda que sexa mínimo, para facernos ver, para podermos exportar con moito orgullo o produto de gran calidade que fabricamos. Ou facemos iso ou acabaremos coma os trobeiros occitanos, que fixeron verdadeiras obras de arte nunha lingua para sempre desaparecida (Cómpre ampliarmos a pucharca onde nadamos antes de que a auga poida evaporarse.)

Tampouco vai poder o sistema literario galego vivir eternamente da boa vontade dos autores. Cómpre procurar xeitos para podermos acadar unhas cotas mínimas de profesionalización, aínda que sexan simbólicas. Os libros galegos (fóra do caso dalgún afortunado) están escritos no tempo de lecer dos seus autores. A profesionalidade do autor é unha entelequia imposíbel de acadar no noso sistema literario.

Para rematar gustaríame achegar unhas anotacións que sirvan para reflexionar acerca da promoción actual da literatura galega:

1.- Cando un entra na meirande parte das librarías case ten que bucear (sen tubo nin gafas nin bombona, chámase apnea?) para atopar o lugar onde está agachada a literatura en galego, se é que a hai (xa non só a obra de autores de aquí, dáse o caso das traducións de títulos doutras linguas, que tampouco adoitan estar á vista do cliente á beira das versións en castelán).

2.- Na inmensa maioría dos xornais a literatura galega aparece (se é o caso) cara ao final, no lugar que deixan libre as esquelas (máis mortos menos libros e vice versa). Iso son as páxinas de cultura. Para a prensa do país adoita ser máis importante o nacemento dunha tenreira de cinco patas e tetos dobres que a edición dunha novela de gran calidade literaria.

4.- Nas televisións os programas de libros divúlganse a horas intempestivas (O programa da TVG dedicado ao meu *Libro das alquimias* en marzo de 2008 emitíuse un luns á unha e media da mañá. Audiencia potencial: sonámbulos varios e zapeadores desesperados).

5.- A promoción internacional da nosa literatura é igual a 0 (cero), menos que a do viño albariño e os mexillóns, por poñer só dous exemplos. Como vai consumirse un produto no exterior se a xente o descoñece?

Pero aínda así non quero deixar no lector ningún pouso de pesimismo. A literatura galega está nun momento magnífico e é moi importante que os autores sigamos a escribir, a crear, e que nunca pechemos a billa que deixa fluír as enxurradas de ideas que xorden do noso manancial interior.

© Xesús Constela Doce, 2010